

CONVOCATORIA	BOPPO 14.05.2025, NÚM. 90
PRAZA/POSTO	DOUS DINAMIZADORES COMO FUNCIONARIOS/A S INTERINOS/AS SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO
DATA	16.07.2025

1. **O artigo 13.2 da Constitución Española establece que soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei:**
 - a) Para o dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais
 - b) Para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais
 - c) Para o dereito de sufraxio pasivo nas eleccións municipais
 - d) Para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións xerais e autonómicas

2. **Como se denomina o Título II da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?:**
 - a) Acción administrativa para a igualdade
 - b) O dereito de traballo en igualdade de oportunidades
 - c) Políticas públicas para a igualdade
 - d) Igualdade de trato e oportunidades no dereito laboral

3. **A tenor do disposto no artigo 35.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os/as Vicepresidentes das Deputacións:**
 - a) Son como máximo dous, e desígnanse polo Pleno ao comezo do seu mandato
 - b) Son designados libremente polo Presidente de entre todos os Deputados
 - c) Substitúen pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao Presidente
 - d) Son designados na Xunta de Goberno cando se establece a organización e funcionamento da Deputación

- 4. De acordo co disposto no artigo 141.3 da Constitución Española:**
- a) Poderanse crear ademais das Deputacións, Mancomunidades e áreas metropolitanas
 - b) Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia
 - c) Poderanse crear outras entidades locais menores para diferenciar da provincia
 - d) Ningunha das anteriores é correcta
- 5. Conforme ao artigo 14.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, entre os dereitos de carácter individual que teñen os empregados públicos atópase:**
- a) Ás dietas e indemnizacións que lle correspondan
 - b) Á inamabilidade na condición de funcionario de carreira
 - c) A vacacións, descansos, permisos e licenzas
 - d) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas a desenvolver
- 6. Conforme ao artigo 16.3.b) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a carreira vertical consiste no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos en:**
- a) O capítulo V do Título III do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
 - b) O capítulo III do Título V do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
 - c) O artigo 18.c) e no 23.1 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
 - d) O artigo 17.b) e no 20.3 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

7. **O artigo 1.b) da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido en:**
- a) O artigo 17.4 da Constitución
 - b) O artigo 18.4 da Constitución
 - c) O artigo 15.4 da Constitución
 - d) O artigo 16.4 da Constitución
8. **Segundo o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nunha empresa con servizo de prevención propio, quen está obrigado a asegurarse da efectiva execución das actividades preventivas incluídas na planificación:**
- a) O servizo de prevención propio que elaborou o Plan de prevención
 - b) O comité de seguridade e saúde ou, na súa falta, os delegados de prevención
 - c) O empresario
 - d) A Inspección de Traballo e Seguridade Social
9. **Segundo o artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións deberán (sinale a resposta incorrecta):**
- a) Conter o texto íntegro da resolución
 - b) Indicar si pon fin ou non á vía administrativa
 - c) Indicar a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñelos
 - d) Ser publicadas dentro do prazo dun mes a partir da data na que o acto sexa ditado

- 10. Como se practicarán preferentemente as notificacións, segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:**
- a) Por escrito
 - b) Oralmente
 - c) Por medios electrónicos
 - d) As respostas a) e c) son correctas
- 11. Segundo o artigo 107.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración de lesividade:**
- a) Non esixirá a audiencia dos interesados no mesmo
 - b) Esixirá a previa persoación dos representantes dos interesados no mesmo
 - c) Esixirá a previa audiencia de cantos aparezan como interesados no mesmo
 - d) Ningunha das respostas é correcta
- 12. Segundo o artigo 111 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será competente para a revisión de oficio das disposicións e os actos administrativos nulos e anulables ditados polos Ministros:**
- a) O propio Ministro
 - b) O Presidente do Goberno
 - c) O Consello de Ministros
 - d) O Consello de Estado
- 13. Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas poderán rectificar os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos:**
- a) De oficio ou a instancia dos interesados
 - b) Exclusivamente de oficio
 - c) Unicamente a instancia dos interesados
 - d) Unicamente por denuncia

- 14. De acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:**
- a) Non caberá recurso en vía algunha
 - b) Non caberá recurso en vía administrativa
 - c) Caberá recurso de alzada
 - d) Caberá recurso extraordinario de revisión
- 15. Na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas recóllese, no seu artigo 112, que se axustarán aos procedementos establecidos pola súa lexislación específica as reclamacións:**
- a) Contencioso-administrativas
 - b) Económico-laborais
 - c) Económico-administrativas
 - d) Ningunha das respostas é correcta
- 16. Segundo o artigo 118.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poranse de manifesto aos interesados para que formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes:**
- a) No prazo de vinte días
 - b) Nun prazo non inferior a cinco días nin superior a dez
 - c) No prazo dun mes
 - d) Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince
- 17. De acordo co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, aprobado inicialmente o orzamento xeral:**
- a) Exporase ao público por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno
 - b) Se durante o prazo anterior non se presentaron reclamacións, o Pleno dispón dun mes para aprobalo definitivamente

- c) Aprobado definitivamente publicárase no boletín oficial do Estado resumido por cada un dos capítulos que integran o orzamento
- d) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior, cos seus créditos definitivos

18. Tal e como recolle o artigo 9.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, as entidades locais regularán, entre outras materias, nas bases de execución do orzamento o seguinte:

- a) Documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento de dereitos
- b) Regulación dos compromisos de gastos plurianuais
- c) Relación expresa dos créditos que non poden ser ampliables
- d) A atribución de novas funcións dos empregados públicos da corporación

19. De acordo co artigo 178 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, terán a consideración de créditos ampliables:

- a) Aqueles créditos que de modo taxativo e debidamente explicitados relaciónense nas bases de execución do orzamento
- b) Aqueles créditos que de modo taxativo e debidamente explicitados relaciónense no orzamento
- c) Aqueles créditos que de modo taxativo e debidamente explicitados relaciónense na lei
- d) Aqueles créditos que de modo taxativo e debidamente explicitados relaciónense por vía regulamentaria

20. De conformidade co artigo 167.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, en relación á clasificación económica dos estados de gastos do orzamento:

- a) Constará de tres niveis: o primeiro relativo ao concepto, o segundo ao capítulo e o terceiro ao artigo
- b) Os niveis de artigo e concepto haberán de ser os mesmos que os establecidos para a Administración do Estado
- c) Esta clasificación poderá ampliarse nun ou dous niveis, relativos ao subconcepto e a partida respectivamente
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

21. En materia de modificacións de crédito, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, atribúe as seguintes competencias:

- a) O expediente de crédito extraordinario, previamente informado pola intervención, someterase á aprobación do presidente da corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos
- b) Corresponderá ao Presidente da entidade a aprobación das baixas por anulación de créditos
- c) O expediente de suplemento de crédito, previamente informado pola intervención, someterase á aprobación do Pleno da corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos
- d) Para a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función non establece competencia explícita, as entidades locais regularán o órgano competente nas bases de execución do seu orzamento

22. De conformidade co establecido na Base 8ª de execución dos orzamentos da Deputación de Pontevedra para 2024, os créditos extraordinarios e suplementos de créditos fináncianse indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

- a) Remanente líquido de tesouraría ou con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados
- b) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente comprometidas

- c) Coa utilización do Fondo de Continxencia
- d) Cando o pleno recoñeza a insuficiencia doutros medios de financiamento para gastos correntes, con operacións de crédito si o seu importe total anual non supera o 10% dos recursos por operacións correntes

23. De conformidade co establecido na Base 11ª de execución dos orzamentos da Deputación de Pontevedra para 2024, poderán xerar crédito nos estados de gastos os ingresos de natureza non tributaria derivados das operacións seguintes (sinala a incorrecta):

- a) Achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas, para financiar, xuntamente coa Deputación ou a Fundación, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos seus fins ou obxectivos
- b) Alleamentos de bens da Deputación
- c) Prestación de servizos polos que se liquidasen taxas en contía superior ás orzadas
- d) Reembolso de préstamos

24. O artigo 1.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece que esta ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante:

- a) A salvagarda da libre concorrancia
- b) A selección da oferta máis económica
- c) A definición posterior dos obxectivos alcanzados
- d) A selección da oferta de maior calidade

25. De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, a xestión das subvencións realizarase de acordo aos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrancia, singularidade, equidade e non discriminación
- b) Eficiencia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante
- c) Eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos
- d) Ningunha das anteriores é correcta

26. Segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cal dos seguintes pode ser considerado suxeito da relación xurídica subvencional?

- a) O órgano concedente, o beneficiario e a entidade colaboradora
- b) Só o beneficiario e o órgano xestor do orzamento
- c) O órgano de control interno, o beneficiario e o Tribunal de Contas
- d) Só o órgano concedente e o Ministerio de Facenda

27. Segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, quen é o responsable último do cumprimento dos fins para os que se concede unha subvención?:

- a) O Interventor
- b) O beneficiario
- c) O órgano concedente
- d) A entidade colaboradora

28. De acordo co artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, son obrigas do beneficiario (sinala a incorrecta):

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións
- b) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores
- c) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos
- d) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos

29. De conformidade co artigo 9.4 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, cal dos seguintes requisitos non é necesario cumprir adicionalmente para o outorgamento dunha subvención?:

- a) A competencia do órgano concedente
- b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención
- c) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos nas leis
- d) A aprobación do gasto polo órgano concedente

30. Segundo o disposto no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de Subvencións, cal das seguintes non é causa de reintegro?:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención
- c) Cambio da sede social do beneficiario dentro do mesmo municipio
- d) Todas son correctas

31. Segundo o artigo 92.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se transcorrido o prazo outorgado para a presentación da xustificación da subvención, esta non se efectuou, acordarase, previo requirimento:

- a) Un prazo adicional para presentar a xustificación
- b) A aplicación do silencio administrativo positivo
- c) O reintegro da subvención
- d) Non implica efecto algún si o beneficiario presenta posteriormente a xustificación

32. De conformidade co artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas bases reguladoras da subvención poderanse establecer deducións sobre o importe das subvencións polo incumprimento de obrigas, polos seguintes motivos e contías:

- a) A falta de presentación da documentación xustificativa, en calquera dos prazos inicialmente establecidos, dará lugar a unha dedución de ata o 20% da contía concedida
- b) A falta de presentación da documentación xustificativa, en calquera dos prazos inicialmente establecidos, dará lugar a unha dedución de ata o 10% da contía concedida
- c) A falta de presentación da documentación xustificativa, en calquera dos prazos inicialmente establecidos, dará lugar a unha dedución de ata o 25% da contía concedida
- d) A falta de presentación da documentación xustificativa, en calquera dos prazos inicialmente establecidos, dará lugar a unha dedución de ata o 30% da contía concedida

33. Segundo o art. 4.1 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, a obriga de expedir factura poderá ser cumprida mediante a expedición de factura simplificada e copia desta en calquera dos seguintes supostos:

- a) Cando o seu importe non exceda de 3.000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído, ou cando deba expedirse unha factura recapitulativa ata 400 euros sempre que o importe conxunto de facturación non exceda de 3.000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído
- b) Cando o seu importe non exceda de 400 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído, ou cando deba expedirse unha factura rectificativa
- c) Cando o seu importe non exceda de 3.000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído, ou cando deba expedirse unha factura recapitulativa ata 400 euros sempre que o importe conxunto de facturación non exceda de 3.000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído
- d) Cando o seu importe non exceda de 400 euros, Imposto sobre o Valor Engadido incluído, ou cando deba expedirse unha factura rectificativa

34. Segundo o artigo 11.1 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, as facturas deberán expedirse:

- a) No prazo de 15 días naturais a contar desde aquel en que se produciu o devengo do Imposto correspondente á citada operación
- b) Antes do día 16 do mes seguinte a aquel en que se produciu o devengo do Imposto correspondente á citada operación
- c) No prazo de 30 días naturais a contar desde a realización da operación
- d) No momento de realizarse a operación

35. Segundo o artigo 236.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación ao funcionamento do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, as asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Rexistro toda modificación dos datos:

- a) No prazo de 15 días desde que se produza
- b) En todo caso, no mes de xaneiro do ano seguinte ao que se produza
- c) Dentro do mes seguinte ao que se produza
- d) Dentro dos dous meses seguintes á data en que se produza

36. Segundo o artigo 236.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarse de alta para todos os efectos:

- a) No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este deba interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente
- b) No prazo de 30 días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este deba interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente
- c) No prazo de 1 mes desde a solicitude de inscrición, e salvo que este deba interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente
- d) No prazo de dous meses desde a solicitude de inscrición, e salvo que este deba interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente

- 37. Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, os Estatutos deberán conter os seguintes extremos (sinale a incorrecta):**
- a) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación
 - b) A duración, cando a asociación non se constitúa por tempo indefinido
 - c) A designación dos integrantes dos órganos provisionais de goberno
 - d) A data de peche do exercicio asociativo
- 38. Segundo o tenor literal previsto no artigo 12.b) da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, si os Estatutos non o dispoñen doutro xeito, sen prexuízo do disposto no artigo 11.3, a Asemblea Xeral convocarase polo órgano de representación, con carácter extraordinario, cando o solicite un número de asociados non inferior:**
- a) Ao 10 por 100
 - b) Ao 20 por 100
 - c) Ao 25 por 100
 - d) Ao 30 por 100
- 39. Segundo o artigo 33.1 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, requirirá o informe favorable da autoridade sanitaria, a construción dunha conducción ou a remodelación dunha conducción existente dunha lonxitude proxectada:**
- a) Maior a 200 metros
 - b) Maior a 500 metros
 - c) Maior a 800 metros
 - d) Maior a 1 quilómetro
- 40. Segundo o artigo 33.4 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, cando unha conducción leve auga de consumo:**
- a) Deberá ser aberta, se a circunstancias o permiten, e en todo caso a presión
 - b) Deberá ser pechada, se as circunstancias o permiten, e en todo caso a presión
 - c) Sempre deberá ser aberta, e preferiblemente a presión, se as circunstancias o permiten
 - d) Sempre deberá ser pechada, e preferiblemente a presión, se as circunstancias o permiten

PREGUNTAS DE RESERVA

- 41. Os créditos do orzamento de gastos poderán atoparse conforme ao artigo 30 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, nas seguintes situacións:**
- a) Créditos dispoñibles; créditos retidos pendentes de utilización e créditos non dispoñibles
 - b) Créditos utilizados pendentes de liquidar; créditos dispoñibles e créditos non dispoñibles
 - c) Créditos ampliables; créditos transferibles e créditos non dispoñibles
 - d) Créditos declarados non dispoñibles; créditos dispoñibles e créditos non utilizados
- 42. No artigo 30.1 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establécese que o prazo de inscrición no correspondente Rexistro será, en todo caso, de:**
- a) Un mes desde o día seguinte á recepción da solicitude no órgano competente
 - b) Dous meses desde a recepción da solicitude no órgano competente
 - c) Tres meses desde a recepción da solicitude no órgano competente
 - d) Seis meses desde o día seguinte á recepción da solicitude no órgano competente
- 43. De conformidade co artigo 24.2 da Constitución Española, unha persoa detida pode ser obrigada a declarar?:**
- a) Si, en presenza do seu avogado
 - b) Non, non pode ser obrigada
 - c) Non, salvo se o seu avogado estea presente
 - d) Si, sempre que o valore o Xuíz

44. Cal é o prazo para a interposición do recurso de alzada, segundo o artigo 122.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) Un mes si o acto fóra expreso
- b) Un mes en todo caso
- c) Dous meses si o acto fose presunto
- d) Tres meses si o acto fóra expreso

45. De conformidade co artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas bases reguladoras da subvención poderanse establecer deducións sobre o importe das subvencións polo incumprimento de obrigas, polos seguintes motivos e contías:

- a) O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución de entre o 5% e o 10% da cantidade concedida
- b) O incumprimento da o obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución de entre o 10% e o 15% da cantidade concedida
- c) O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución de entre o 10% e o 20% da cantidade concedida
- d) O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución de entre o 20% e o 25% da cantidade concedida

CONVOCATORIA	BOPPO 14.05.2025, NÚM. 90
PRAZA/POSTO	DOUS DINAMIZADORES COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO
DATA	16.07.2025

RESPOSTAS DO TEST

				RESERVA	
1	B	21	C		
2	C	22	A	41	A
3	C	23	C	42	C
4	B	24	B	43	B
5	B	25	D	44	A
6	B	26	A	45	C
7	B	27	B		
8	C	28	C		
9	D	29	D		
10	C	30	C		
11	C	31	C		
12	C	32	A		
13	A	33	D		
14	B	34	B		
15	C	35	C		
16	D	36	A		
17	A	37	C		
18	B	38	A		
19	A	39	D		
20	C	40	D		

